ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

**VACÚN DE CARNE** Máis de 23.000 granxas vertebrando e dando vida ao rural ▸ 3 a 5

**VIÑO** A necesidade de organizármonos contra o acaparamento e o abandono ▸ 6 a 8

**X CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO**

Editorial: Cara a un décimo Congreso no que o SLG é máis necesario que nunca ▸ 2

# FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVII - Nº 333 - Marzo-Abril 2021

# OS SECTORES DO VIÑO E DA CARNE DE VACÚN INAUGURAN O CICLO DO X CONGRESO DO SLG




sindicato labrego galego
comisións labregas

O Sindicato Labrego Galego inaugura, neste 2021, un novo proceso congresual cos sectores de Vacún de Carne e do Viño de avanzada. E facémolo coa conciencia de que a nosa organización agraria, dende o seo de La Vía Campesina, é máis necesaria que nunca para enfrontar novos retos e desafíos que ameazan con desmantelar definitivamente o noso medio rural e a nosa soberanía alimentaria. Porque a nosa terra será con labregos e labregas ou, pola contra, non será. E así queremos seguir defendéndoo dende o SLG.

EDITORIAL

# Cara a un décimo Congreso no que o SLG é máis necesario que nunca

No mes de decembro de 2020 comezaron a celebrarse as asembleas comarcais preparatorias para o Congreso de Vacún de Carne e, con elas, un proceso que culminará co X Congreso do Sindicato Labrego Galego ao longo deste 2021.

A nosa organización agraria leva medio século de andaina e ten lidado contra inimigos formidables: Contra unha ditadura dende a clandestinidade nos anos setenta; ou contra os poderes fácticos que, dende sempre, se dedican a enriquecerse chuchando a inmensa riqueza que xenera a economía labrega co apoio indispensábel das leis e da clase política.

Porén, os desafíos contra os que nos enfrontamos hoxe non só afectan só os labregos e as labregas, senón a humanidade enteira, e fan que a loita contra unha ditadura ou un empresariado sen escrúpulos sexan case un xogo de nenos.

A voracidade do capitalismo está rematando cuns recursos finitos no planeta dos que o modelo agrogandeiro intensivo imposto maioritariamente ten unha absoluta dependencia. Un bo exemplo témolo en que xa hai anos que superamos o pico de máxima produción de petróleo e que os combustíbeis fósiles están en franco declive. Custa imaxinar unha agricultura e gandería sen doado acceso aos carburantes que moven a maquinaria ou sen abonos nitroxenados para fertilizar as terras, todos derivados do "ouro negro". Tamén custa imaxinar o fornecemento dos supermercados que alimentan cidades e núcleos de poboación con millóns de seres humanos amoreados e sen acceso directo a fontes de auga ou terras de cultivo sen un transporte masivo por estradas ou por mar. Custa imaxinalo, pero está á volta da esquina. Por outra banda, o cambio climático, provocado en grande medida pola queima durante décadas deses combustíbeis fósiles, está trastocando os ciclos naturais nos que a nosa xente devanceira baseou a produción de alimentos durante milenios e as súas consecuencias catastróficas agudizaranse nos vindeiros anos.

Sen saír da casa, a Galiza é un bo exemplo das consecuencias que este sistema capitalista está a ter na nosa forma de vida: Continúa a sangría de granxas, con miles pechando cada ano sen relevo xeracional e un medio rural cada vez máis desertizado; o territorio segue vendo expandirse coma un cancro o monocultivo de eucaliptos para fornecer de materia prima unha única empresa e enriquecer os seus accionistas; a minaría a ceo aberto está desatada en busca dos últimos xacementos minerais, co amparo dos poderes públicos, para seguir destruíndo e envelenando bisbarras enteiras; as últimas terras sen invadir, as de montaña, están a piques de ser masacradas por ducias de proxectos de xeración de enerxía eólica coa escusa dunha transición verde que non ten nada de verde e o ten todo do vello modelo capitalista que destruiu a nosa economía rural e agraria.

A depredación do planeta está a provocar consecuencias irreversíbeis. A Covid 19 é só un síntoma e un exemplo do que está por vir. Exprésao á perfección o poeta e activista Jorge Riechmann, cando dí que, hoxe en día, "*a revolución estriba máis que nada en tirar do freo de emerxencia*", pero que "*a cousa estaría clara se non fose porque ese tren descarrilou hai xa certo tempo*".

Neste contexto, a cultura e a economía labregas van ser esenciais para que Galiza resista. Pero non calquera cultura e economía labregas. Sabemos que o modelo capitalista e depredador non é solución ningunha, senón que forma parte do problema. O que precisamos é volver virar a mirada cara a un modelo agrario cuxo principal obxectivo non sexa o lucro a costa de todo, e de todos e todas. O obxectivo principal debe ser sempre a soberanía alimentaria, fornecer á cidadanía de alimentos sans e de calidade, en cantidade suficiente, e a través de métodos sostíbeis que garantan esa soberanía alimentaria no tempo non só para nós, senón para as xeracións que están por vir. E ese modelo, na Galiza, só está a ser defendido por unha única organización agraria: O Sindicato Labrego Galego.

Veñen tempos difíciles, sen dúbida. Pero, precisamente por iso, o SLG é hoxe, na Galiza, máis necesario que nunca. Sabemos que o papel do noso sindicato foi fundamental en loitas como a defensa da terra durante a ditadura franquista, ou contra a cota empresarial e a supertaxa láctea nos anos oitenta. Pero hoxe xa non se trata de loitar só contra inxustizas sociais e económicas. Agora mesmo, loitar e traballar polo modelo que defendemos o Sindicato Labrego Galego na Galiza, ou La Vía Campesina no mundo, é loitar e traballar pola nosa supervivencia como pobo e como labregos e labregas.

Con esta responsabilidade, con este desafío, iniciamos o proceso para o X Congreso do Sindicato Labrego Galego: Coa conciencia de que estamos a sementar o futuro.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

**EDICIÓN**
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

**COORDINACIÓN**
Xosé García Rodríguez

**CONSELLO EDITORIAL:**
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**
Xosé García Rodríguez

**COLABORACIÓNS**
Bernardo Estévez Villar, Antonio García Fernández e Xico de Mandín.

**PECHE DE EDICIÓN** 05-04-2021

**ENDEREZO**
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147

prensa@sindicatolabrego.gal

**NACIONAL** Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
**COMPOSTELA** Idem Nacional. ☎ 981 588 532
**MELIDE** Contactar co ☎ 686 936 429
**ARZÚA** Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
**SANTA COMBA** Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
**ORDES** Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
**BETANZOS** Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
**TEIXEIRO** Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
**MOECHE** Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
**VALDEORRAS** ☎ 630 970 131
**RIBADAVIA** Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
**XINZO** San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
**LUGO** Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
**SARRIA** Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
**CHANTADA** Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
**A FONSAGRADA** Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
**BECERREÁ** Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
**RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E**. ☎ 982 130 615
**LOURENZÁ** Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 698 159 667
**VILALBA** Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
**MEIRA** Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
**A ESTRADA** Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
**LALÍN** Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
**PONTEAREAS** Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
**O ROSAL** Rúa Ramón Franco 8, Escaleira E, Porta 5 (O Rosal). ☎ 986 625 394
**O SALNÉS** Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 648 263 009

**CONGRESO DA CARNE DO SLG** ▸ O Congreso de Vacún de Carne do SLG será o encargado de abrir un novo período congresual na nosa organización agraria. Tras catro anos de andaina da Dirección da Carne xurdida do anterior congreso, elixida o 11 de febreiro de 2017 con Lois Varela e Inés Casabella como responsábel e vicerresponsábel, volveremos reunirnos de novo en Maceda (Ourense), o vindeiro 17 de abril, para reflexionar ao redor dos problemas e retos que teremos nos vindeiros anos como gandeiros e gandeiras, e sobre como facer do Sindicato Labrego Galego unha ferramenta útil para afrontalos.

# Máis de 23.000 granxas vertebrando o territorio e dando vida ao rural


Xuntanza da Dirección de Vacún da Carne do SLG en Lalín o 13 de febreiro de 2020

No SLG somos conscientes da importancia fundamental do sector da carne de vacún na Galiza, sendo o que conta con maior número de granxas, mantendo poboadas algunhas das zonas do país, como as de montaña, máis castigadas polo abandono e o envellecemento, e cumprindo desta maneira unha función esencial na xestión e vertebración do noso territorio.

Porén, semella que dende as administracións, nomeadamente a Consellaría de Medio Rural e o Ministerio de Agricultura, non acaban de decatarse disto porque as problemáticas que arrastra o sector dende hai décadas semellan cronificarse sen que se desenvolvan políticas para revertelas. Cuestións como a dos prezos mesmo foi a peor debido á pandemia. O relatorio fala de "*baixadas de até 70 céntimos por quilo en Tenreira Suprema ou de case o 50% nas vacas de desvelle*" con vías de comercialización convencionais.

Precisamente, a política, lonxe de ser unha posíbel solución a estes problemas, semella porfiar en empeoralos, tal e como demostra a sinatura de tratados de libre comercio enormemente lesivos para o sector, como Mercosur con varios países sudamericanos ou o CETA con Canadá, que permiten a importación sen aranceis de miles de toneladas de carne de vacún á Unión Europea.

Máis alá do mercado, na propia xestión do territorio as políticas, neste caso da Xunta, máis que axudar, supoñen atrancos. Temas como as perdas millonarias que provoca a fauna salvaxe seguen sen solucionarse, cun sistema de compensacións que segue a ser manfiestamente insuficiente e que, mesmo nos casos que presta cobertura, segue lastrado polos atrasos e as ínfimas contías das compensacións. Este baleiro de xestión coa fauna, tamén se practica coa pasteira Ence e coa permisividade á hora de plantar eucaliptos, invadindo ilegalmente terras agrarias ou afectando negativamente a agricultura e a gandería por non respectarse as distancias a que obriga a lei ou por deixar sen base territorial suficiente a miles de explotacións.

Nin sequera se fai algo tan sinxelo e barato de controlar para a Xunta como a transparencia nas pesadas dos mataduoiros. "*Tras moitos anos de denuncias, entrevistas e xestións, non demos conseguido que as balanzas dos matadoiros estean revisadas, homologadas e precintadas, o que supón moitas veces perdas considerables na venta dos becerros*", denunciamos no relatorio.

Mesmo naquilo que si podían axudar as administracións, como coas axudas da Política Agraria Común (PAC), seguen a favorecer aos de sempre: ás grandes empresas e terratenentes e ao modelo intensivo. Así, co que se deu en chamar "reverdecemento" da PAC, agora pretenden esixir ás granxas en extensivo e semiextensivo a compra de inxectores de xurro carísimos e inútiles nunha orografía como a do norte peninsular, mentres quen verdadeiramente contamina -as explotacións intensivas, especialmente avícolas e de porcino- poderán seguir facéndoo sen consecuencias. De feito, no relatorio do Congreso da Carne, tras analizalo polo miúdo conclúese que "*a nova PAC non é unha reforma en si, senón un gran cambio que en ningún caso vai mellorar a situación das granxas de vacún de carne na Galiza*".

## Case un millón de vacas e un terzo das explotacións do Estado

Os últimos datos do sector aos que tivemos acceso son os correspondentes a un informe do Ministerio de Agricultura de xuño de 2020. Tirando desta estatística, en xaneiro de 2021 Galiza tiña 22.962 granxas especializadas só en vacún de carne, ás que habería que engadir 428 mixtas, o que supón o 27,5% das explotacións de vacas de carne do Estado. Nelas críase unha cabana gandeira de 933.000 animais, dos cales 94.000 son becerros e 170.000 xovencas menores de 12 meses, ascendendo a 219.263 o número de vacas nutrices. Por provincias, a produción estaría concentrada en Lugo, con 114.137 nutrices (o 55%), seguida de A Coruña (48.569 nutrices), Ourense (25.469) e Pontevedra (16.860). En canto á produción de carne, Galiza aportou 96.700 toneladas en 2019, o que supón o 14% da produción estatal.

# Os problemas do sector na voz

## “Hai que pensar nun cambio de modelo porque o que se está a impor ten data de caducidade”


SERXIO BOADO ▸ Lousada (Irixoa, A Coruña)

Granxas de Lousada é un proxecto que naceu en 2011, da man de Serxio Boado e Dolores Porto. Aínda que comezaron con vacas de carne, hoxe trátase dunha granxa moi diversa na que Dolores está centrada na horta e na comercialización e Serxio no gando, con varias producións en activo: ademais das vacas, tamén teñen porco celta, ovino, caprino e avícola. En total, xestionan algo máis de trinta hectáreas certificadas en ecolóxico.

Esa diversificación e a aposta pola comercialización directa fai que manteñan bos prezos: “*Vendemos todo nos mercados de Betanzos e da Coruña. E as persoas que nos mercan nas feiras, cómprannos a carne directamente. Nós o único que facemos é levar o becerro ao matadoiro e despois o cliente vai recollelo alí. É carne certificada polo Craega e o prezo é sempre o mesmo: 5,50 € por quilo se mercan a canle enteira*”. Nin sequera a crise da Covid repercutiu negativamente, xa que “*non sacrificamos moitos animais: sobre cinco ou seis por ano. E iso, en doce meses non repercute tanto*”.

Porén, os problemas cos que teñen que lidar son outros, como a fauna salvaxe. “*Nesta zona medraron moito as poboacións de xabaril, lobos e cervos. No noso caso, tivemos serios problemas pola transmisión de enfermidades dos xabarís aos porcos e estivemos a piques de ter que pechar a explotación. Nun ano e medio non tiven nin un só parto a causa do virus, morrían todos*”, relata.

En canto á base territorial, para ampliar as nove hectáreas coas que comezaron tiveron que transformar superficie forestal en agraria porque había moitas granxas. Agora, cos abandonos, xa é posíbel arrendar terras, pero están vendo como as mellores fincas de Irixoa estanas adquirindo grandes explotacións lácteas do veciño concello de Aranga.

Respecto ao futuro do sector, veo moi problemático para o modelo intensivo, xa que “*vai haber problemas cos cereais, porque o consumo aumenta e os prezos dispáranse. Igual hai que ir pensando nun cambio de modelo, porque o que se está a impor ten data de caducidade*”.

## “Se crean leis para controlar o eucalipto, deben cumprirse, non agardar a que denunciemos”


BELÉN ROLLE FRAGA ▸ San Pedro (Viveiro, Lugo)

Belén e Xosé Antonio teñen unha explotación de vacas de carne na parroquia de San Pedro, en Viveiro (Lugo). Case noventa cabezas de gando, case todas cruzadas aínda que cada vez van introducindo máis a Rubia Galega. Xestionan 70 hectáreas de monte que tocan catro parroquias e que foron mercando ao longo dos anos o pai e a nai de Belén.

Aínda que comercializan os xatos a través de Acruga, Belén quéixase dos prezos. “*Poderían valorar máis a carne. Non nos pagan como deberan, pois temos moitos gastos: pensos, forraxes, herba seca, palla, o proceso de ensilado, a Seguridade Social... A nós págannos, agora mesmo, entre 4,50 e 4,60 € por quilo, pero con tanto gasto deberían pagar ben máis*”.

Outro problema co que Belén está familiarizada é o da fauna salvaxe, especialmente o lobo e o xabaril. “*Nós temos uns catro ou cinco ataques de lobo por ano e á hora de indemnizar páganche unha miseria. Non nos poden dar só 200 € por un becerro morto ou 80 € por un danado. Se atopas un xato mordido, hai que facerlle curas durante un mes, supoñendo que teñas a sorte de que cure. Outros atópalos mortos, se os atopas, porque senón nin sequera tes indemnización. Ademais, a Xunta tarda moito tempo en pagarnos e iso non pode ser. E co xabaril, igual. Temos arrendadas unhas fincas na parte de abaixo e aí sufrimos moitos ataques. Nesta época, abonámolas para producir forraxe. Unha vez que tes a herba para segar e gardala para o inverno, vén o xabaril e estrágache todo*”.

Finalmente, outro dos grandes problemas que ten que afrontar Belén é o das plantacións de eucalipto que lindan coas súas fincas. “*Nós, hai pouco mercamos unhas dez hectáreas de monte e estámolas preparando para pasteiros. Por ambas bandas temos eucaliptos. Cando teñamos herba, que temos que facer? Enfrontarnos aos donos das plantacións para que respecten as distancias legais? Iso debería facelo a administración. Se crean unhas leis deben velar para que se cumpran, non agardar a que sexamos nós quen denunciemos*”.

# dos gandeiros e das gandeiras

## “No rural, as mulleres temos moitos atrancos e carecemos de axuda para conciliar familia e traballo”


MARI CARME LÓPEZ ▸ Vilaméá (Guntìn, Lugo)

A pesares de ter a carreira de Empresariais e traballar como administrativa nunha cadea de gasolineiras en Monterroso, Mari Carme tomou o relevo da súa nai cando esta se xubilou en 2012, poñéndose á fronte dunha granxa que hoxe ten 30 nutrices e declara 30 hectáreas na PAC, deixando o traballo para o que se formara.

Como muller, sabe ben como lastran a vida a falla de servizos no rural. Con catro fillos e fillas, cando tivo as xemelgas, que son as máis cativas, viuse na obriga de levalas a unha gardería a Lugo porque en Guntín daquela non había. “*No rural, as mulleres temos moitos atrancos e carecemos de axudas para conciliar familia e traballo*”, quéixase.

Polo demais, como gandeira tamén acusa os baixos prezos. “*Eu teño Ternera Suprema. Dende que nacen os becerros até que marchan maman leite, polo que o prezo sempre é superior que os cebados de maneira convencional. Así e todo, estou vendendo a 4,50 €, un prezo que apenas compensa os gastos en penso. Para min, o prezo non debería baixar nunca dos 5 €. E a cousa aínda pode ir a peor, porque houbo intervención no mercado e conxelouse moita carne que, cando volva saír, de seguro que fai que se deprece aínda máis*”.

E por se non abondaba, veu a Covid. “*Nós tivemos problemas para sacar gando e, cando o demos sacado, foi perdendo entre 100 e 150 € por res. A axuda que nos deu a Xunta foi mísera. A nós tocáronnos 1.200 €, que non é nada con respecto ás perdas que tivemos. E iso se falamos de becerros, porque se falamos de vender unha vaca nai, entón si que non hai maneira de sacala tal e como están as cousas, coa hostalería restrinxida ou pechada*”.

Por desgraza, este ano nin sequera compensaron como deberan as axudas da PAC. “*Se houbese un prezo digno, non faría falta a PAC*”, denuncia. “*Pero como os prezos son os que son, precisamos axudas para subsistir. Pero é que a PAC cada vez vai a menos. Nesta granxa de trinta hectáreas e con trinta cabezas de gando, este ano con respecto ao anterior cobrei entre 3.000 e 4.000 euros menos*”.

## “É difícil que a xente nova queira empezar na gandería porque é case imposible se partes de cero”


SAMUEL FORMOSO ▸ Bóveda (Vilar de Barrio, Ourense)

A granxa de Samuel foi medrando paseniño, dende as catro vacas coas que comezou ás 95 que ten na actualidade, con case 100 hectáreas de base territorial. Coma moitas na Galiza, posiblemente a súa explotación tampouco teña relevo xeracional, xa que o seu fillo está estudando robótica e a filla traballo social. “*Axúdanme na granxa as fins de semana, pero ven claramente que o seu pai e súa nai están sempre choiando, incluídas as fins de semana, que se non hai un parto complicado, tes un animal que se che escapa. Isto é duro e, probablemente, non sigan coa granxa*”.

Precisamente, máis alá do persoal, Samuel ve no relevo xeracional unha das grandes materias pendentes do noso agro. A dureza do traballo, a falta de servizos, unha burocracia abafante, os problemas de acceso á terra, a falta de acompañamento da administración... “*Así é difícil que a xente nova queira empezar na gandería porque é moi complicado, case imposible se partes de cero. As axudas e os incentivos que hai hoxe para agricultura e gandería valen para o modelo industrial, pero non para un modelo ligado á terra*”.

E iso sen contar cos problemas comúns a todo o sector, como os danos da fauna salvaxe coa que convive (ten ataques periódicos de lobo e corzo, e na zona xa non se planta millo para ensilar porque é imposible debido aos estragos dos xabarís), ou os prezos. “*Temos unha pequena cooperativa de doce socios que comercializamos a través de Artesáns Gandeiros, polo que non temos problemas de comercialización, nin sequera en crises como a das vacas tolas ou a da Covid. Outra cuestión son os prezos. Os últimos becerros que vendín, a comezos de marzo, levároonmos a 4,10 euros. Son prezos de hai 30 anos. Dende o verán até Nadal tivemos prezos de 4,50 – 4,60 €, que foron baixos para a época, pero que podían valer. Persoalmente, creo que os para cubrir custes de produción e ter unhas marxes dignas os prezos nunca deberían baixar dos 5 euros. Medio Rural debería tomar cartas no asunto. Ninguén debería producir por baixo dos custes de produción*”.

**ASEMBLEA XERAL DO VIÑO** ▸ Coincidindo coa apertura do período previo ao X Congreso do Sindicato Labrego, a Dirección do Viño organizou para o 24 de abril unha Asemblea Xeral para poñer en común os retos que temos por diante para dar resposta a algúns dos principais problemas que lastran o sector vitivinícola dende hai anos e que, lonxe de solucionalos, as políticas de Medio Rural están a empeorar e cronificar.

# A necesidade de organizármonos contra o acaparamento e o abandono

A Asemblea do Viño será no Auditorio do Concello d'As Neves (Pontevedra), o 24 de abril. Xosé Manuel Parente, dinamizador do Sector do Viño no SLG, explica que "*decidimos convocar esta xuntanza para que, coa participación de todas as denominacións de orixe, sermos quen de poñer en marcha un equipo de traballo que volva relanzar o sector do viño de cara a afrontar os retos e desafíos que temos por diante*".


Xuntanza do Grupo de Dinamización do Viño do SLG en Sabadelle no ano 2019

Se ben é certo que seguen existindo problemas cronificados no sector vitivinícola galego, como o alto nivel de abandono, a inestabilidade nos prezos da uva ou a clara marxinación das pequenas adegas, hai dúas cuestións que están a tomar unha grande relevancia nos últimos tempos e que, sen dúbida, marcarán os debates do 24 de abril.

Por unha banda, a reforma da Política Agraria Común (PAC), que no Estado Español ten a materia pendente de dar apoio tamén á viticultura, até agora excluída do seu sistema de axudas; e, por outra, o fenómeno crecente de acaparamento de viñedos, que levamos anos denunciando dende o SLG, co que uns poucos grupos empresariais e grandes adegas estanse facendo cada vez con máis superficie de viñedo amparadas por un sistema de axudas deseñado para tal fin pola Consellaría de Medio Rural.

De todo isto falamos nesta reportaxe cos nosos representantes nos diversos consellos reguladores e denominacións de orixe nun diálogo do que aquí reproducimos só unha parte e que, sen dúbida, terá continuidade o 24 de abril n'As Neves.

## "Non son partidario de que se plante sen control porque pode levar a un exceso de produción"


MANUEL CARREIRA ▸ Rías Baixas

A bonanza económica en Rías Baixas tradúcese en que o que noutras denominacións de orixe pode ser un problema, como o abandono, nesta atopa o seu lado positivo, pois a boa rendibilidade dos últimos anos fai que os viñedos se sigan traballando. É o caso do noso vogal no consello regulador, Manuel Carreira. Como viticultor, traballa entre 3,5 e 4 hectáreas repartidas en 16 parcelas en varias parroquias de Salvaterra de Miño como Arantei, Cabreira ou Meder. "*Son todos viñedos arrendados de familias que van abandonando e non teñen quen llelos traballe*". Case toda a uva que apaña é Albariño, aínda que cultiva unha pequena parte de uva tinta para autoconsumo. Aínda que en Rías Baixas hai viñedos abandonados, "*adoitan ser de castes tintas ou doutras brancas que non son Albariño. A boa rendibilidade da Albariño é o que fai que sempre haxa alguén que a traballe. Os datos falan por si sós: Na última vendima, apañáronse ao redor de 32 millóns de quilos de Albariño, mentres que da segunda caste máis cultivada en Rías Baixas, a tinta Sousón, apañáronse sobre 145.000 quilos*".

Os bos prezos da uva Albariño fai que esta denominación de orixe non notase tanto o efecto da Covid-19 coma outras. Na última vendima pagouse esta caste de 1,50 euros para arriba, "*e iso pola pandemia, porque senón é probable que tivesen pagado a 2 euros. O Rías Baixas vendeuse ben e mesmo houbo adegas que se queixaron pola falta de uva. De feito, eu vendinlle a catro adegas e todas me dixeron que se tiña máis uva que ma collían. Con outros viticultores da zona cos que falei, igual. Noutras denominacións de orixe, aínda cunha produción máis baixa que a de aquí, si que están tendo problemas para comercializar*".

"*Aquí as cousas van ben*", prosegue, "*e nótase en detalles como que está a repuntar a plantación de viñedo. Estanse concedendo bastantes hectáreas para plantar, a maioría para adegas. Eu non son partidario de que se plante sen control, porque iso pode levarnos a un contexto de exceso de produción no que caian os prezos como aconteceu no pas*ado".

# “Cómpre un reparto distinto das axudas, con topes por solicitude para poder chegar a máis xente”




Antonio García Fernández é o vogal do Sindicato Labrego no Consello Regulador de Valdeorras. Traballa unha explotación con viñedos na parroquia de Seadur (Larouco) e no concello de Petin. En total, 3,5 hectareas co 70% de Godello e o resto con Mencia, Garnacha, Sumoll, Xerez e Dona Branca. Aínda que se dedica fundamentalmente á viticultura, elabora uns 1.000 litros de viño para autoconsumo e compartir coas amizades.

No caso de Valdeorras, Antonio explica que “*a día de hoxe, o principal problema que temos é a Covid, que provocou a baixada das vendas e dos prezos da uva, que caeron entre un 30 e un 40%. Aproveitando a crise, as adegas tomaron a voz cantante, impoñendo prezos, condicions e data de pago. E, por riba, parece que che están facendo un favor*”, quéixase. Lonxe de rematar esta situación, Antonio vaticina que “*se a vindeira colleita trae moita cantidade de uva, os prezos poderían seguir baixando a causa do remanente de viño que temos, que será maior aínda que abra o mercado. A curto e medio prazo, penso que imos ter unha profunda crise*”.

En cuestión como o acaparamento de viñedos, Antonio advirte de “*grandes grupos foráneos que manexan mellor os temas administrativos porque teñen profesionais que están ao tanto de axudas, subvencions e investimentos. As pequenas explotacións témolo cada vez máis complicado a causa da burocracia e dos dereitos de plantación, que rematan por aburrir a un e, ao final, plantamos pola nosa conta, sen pedir axudas, ou non plantamos*”. Neste senso, “*haberia que facer outro tipo de reparto, poñendo topes por solicitude para chegar a máis xente. Na miña zona, co auxe do Godello, perdéronse poucos dereitos. O que pasa é que están a cambiar mans, xa que os grandes grupos empresariais están facéndose con boa parte da terra*”.

Panorama preocupante, ao que se suman outros problemas na denominación de orixe Valdeorras como “*a falta de contratos coas adegas, o abandono total da administración no mantenimento e limpieza dos accesos ás fincas, a mala xestión da terra ou o mal funcionamento do Castastro*”. Así as cousas non é de estrañar que non haxa relevo xeracional: “*En Seadur xa non hai nenos e nenas. O labrego máis novo ten 48 anos. Resulta difícil estimular o relevo cando non hai con quen facelo*”, apostila.

# “Atopámonos no medio dunha treboada perfecta no sector vitivinícola ourensán”




Dende o último Congreso do Viño, Bernardo Estévez Villar estivo á fronte do sector no SLG. Moito antes diso, en 2001, deixaba a mecánica en Vigo por iniciar un proxecto vinícola no Ribeiro que hoxe ten tres hectáreas de viñedos, traballadas con métodos biodinámicos e repartidas nos vales de San Amaro e San Vicente e coa adega en Outeiro da Cruz (Arnoia).

Se lle preguntamos pola situación do viño galego, para Estévez non hai dúbida: “*Atopámonos no medio dunha treboada perfecta no sector vitivinicola ourensán. Despoboamento e falla de relevo xeracional, total desleixo das autoridades competentes na materia, abandono por esgotamento, consellos reguladores que actúan como malas asociacións de empresarios, cambio climatico, pandemia, desembarco de grandes empresas nas denominacións de orixe e unha administración que fai todo o posible por facilitarlles o camiño a eses grandes grupos empresariais en prexuizo das pequenas adegas e da viticultura menos dimensionada*”.

Unha boa oportunidade para revitalizar o sector sería a través das novas plantacións de viñedo. “*Se tes na túa axenda política a recuperación de poboación no rural, a recuperación de estructura socio-economica no agro, só tes un camiño: Favorecer que a xente que está no rural non marche e que moita outra que vive nas cidades vexa o rural como a oportunidade dunha vida mellor. Polo tanto, as novas prantacións asociadas a proxectos de incorporación de persoas no rural, familias e persoas individuais, poden ser moi positivas*”. Porén, “*se o que queres é que a xente abandone o rural, parabéns á Xunta porque está a facelo moi ben dando o groso das axudas e dos apoios a grandes grupos empresariais*”.

Esta falta de apoios tradúcense, no caso do Ribeiro, “*no abandono das zonas tradicionais de viñedo, que chega a ser total nalgunhas parroquias. Isto só se soluciona con politicas activas, pero non é o caso. E é que, canto máis abandono hai, máis oportunidade e facilidades para as grandes comporacións*”.

E nada disto se solucionará mentres non haxa un cambio de actitude por parte da Xunta. A raíz de todos os problemas é, precisamente, que “*os que mandan na Xunta non ven nisto un problema, senón que ven unha oportunidade para as empresas nas que moitos deles participan*”.

# “Cada vez hai menos familias labregas que producen viño ou teñen a titularidade dos viñedos”




Aínda que ten case catro hectáreas de viñedo na parroquia de Mandín (Verín) para fornecer a súa adega, Franciso Pérez Dieguez “Xico” está pensando en decrecer. “*As pequenas explotacións vitícolas que, ademais, temos adega e elaboramos viño para comercializar, temos uns problemas comúns como que nunha soa persoa ou familia recae todo o coidado da viña, a vendima, a elaboración de viño, a comercialización, a burocracia... Para nós, traballar catro hectáreas e facer viño é demasiado traballo. Por iso, estou pensando en reducir a unhas 2,5*”.

Nada que ver cos grandes grupos empresariais que operan en Monterrei como “*Martín Códax, que ten entre 50 e 70 hectáreas en Vilardevós que lle traballan unha empresa de servizos agrarios, ou Crego e Monaguillo*”.

Para Xico, os problemas de hoxe teñen a súa raíz nos grandes cambios que sufriu o sector co desembarco dos matuteiros, nos anos setenta e oitenta, “*que viron que o grande negocio estaba en traer viño máis barato doutras zonas do Estado, como Zamora ou A Mancha, tamén de Portugal, en detrimento do que se producía aquí. Iso provocou que minguasen a superficie de viñedo e as titularidades. Segue a pasar en todas as denominacións de orixe. Grandes empresas que seguen mercando viñedo co mesmo resultado: Cada vez hai menos familias labregas que producen viño ou que teñen a titularide dos viñedos porque a produción e a base territorial estana acaparando grandes empresas e adegas. Os homes e mulleres que antes facían viño e traballaban os viñedos, agora son pensionistas e non teñen relevo xeracional, a mocidade procura buscar empregos que lles aseguren un salario mensual, e as empresas aproveitan este baleiro para facer negocio avaladas pola Xunta con axudas e financiamento*”.

Para virar esta situación, “*as axudas do sector deberían ir para familias que teñan base territorial propia e que precisen ampliala, e non deberían darse para aquelas que pasasen dun tope. Eu apostaría máis por un modelo como o suízo, onde as explotacións non son tan minfundistas como aquí, pero onde non adoitan superar as dez hectáreas. Desta maneira, estariamos a primar unha viticultura de calidade, con tradición. A Xunta debería dar preferencia a familias que vivan no rural e a explotacións pequenas, porque teñen un grande valor engadido máis alá da riqueza económica que producen”.*

# “As pequenas adegas somos as que realmente creamos riqueza no rural e fixamos poboación”




O noso vogal no Consello Regulador da Ribeira Sacra, Primitivo Lareu, dá continuidade á tradición familar coa súa adega Sabatelius, na que traballa catro hectáreas de viñedos e produce unhas 20.000 botellas por ano.

Para Primitivo, “*un dos principais problemas son os atrancos burocráticos que se nos impoñen ás pequenas adegas. A sensación que tes é que o deseño de axudas como as de reestruturación están deseñadas para beneficiar as adegas máis grandes. Resulta enormemento complexo tentar crear novos proxectos pola grande complexidade burocrática que che botan enriba*”.

Porén, quen realmente benefician o rural son as pequenas adegas e a viticultura tradicional “*que somos as que mantemos poboación, as que creamos riqueza e emprego local fronte a empresas que teñen a súa sede e o seu negocio lonxe dos viñedos que explotan e que deixan escaso beneficio na zona. A min as grandes adegas non me estorban, cumpren a súa función, pero as que realmente creamos riqueza no rural e fixamos poboación somos as pequenas*”.

Unha das manifestacións deste desprezo polo pequeno foi o peche dos mercados labregos, que deixou sen saída comercial moitas producións agrarias. “*Porque se permitiu seguir vendendo en supermercados e se pecharon os mercados ao aire libre? Eu mesmo podería montar un posto ao aire libre para vender viño sen riscos*”, quéixase. No seu caso, “*dende o principio, apostei polo contacto directo cos clientes e, en plena pandemia, a pesares do confinamento, seguín vendendo a domicilio e fun sacando o viño. Pero iso non é o que aconteceu con outras pequenas adegas que coñezo, que si tiveron dificultades e estano a pasar mal. Algunhas igual quedan no camiño*”.

Non é unha situación prometedora para unha zona “*de difícil cultivo, o cal crea dificultades engadidas pola difícil mecanización e, polo tanto, o abandono e o envellecemento da poboación están sendo enormes. Ao redor do 80% dos viticultores e das viticultoras da Ribeira Sacra son maiores de 60 anos, e non hai relevo xeracional porque a viticultura non se ve como unha opción de vida rendible. Se tivésemos algún tipo de axuda específica para cultivar en ladeira, tal e como acontece noutras zonas de Europa e do Estado, axudaría a reverter o proceso*”.

# CONGRESO DE VACÚN DE CARNE DO SLG

## 17 de abril de 2021

## Maceda (Ourense)

sindicato labrego galego
comisións labregas

## Regulamento e relatorio



# Textos do CONGRESO de VACÚN DE CARNE do SINDICATO LABREGO GALEGO COMISIÓNS LABREGAS

## REGULAMENTO DO CONGRESO DE VACÚN DE CARNE DO SLG-CCLL

**Artigo 1.** O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial de Vacún de Carne do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o 17 de abril de 2021 en Maceda (Ourense) dende 11:00 horas da mañá.

**Artigo 2.** Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, todos os afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as súas cotizacións ao día.

**Artigo 3.** A Executiva Nacional dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, o borrador do relatorio.

**Artigo 4. DEBATE NA AFILIACIÓN.**

**4.1.** Unha vez elaborado e aprobado o proxecto de relatorio, este será remitido ás comarcas para a súa distribución entre toda a afiliación.

**4.2.** A Executiva Nacional aprobou o calendario para a celebración das asembleas comarcais do Sector para debater os relatorios e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte:

- Até o 15 de decembro de 2020: Comunicación á Executiva Nacional das asembleas comarcais de Sector.
- Do 4 de decembro de 2020 ao 31 de marzo de 2021: Celebraranse as asembleas comarcais de Sector.
- O 17 de abril de 2021: Celebrarase en Maceda o Congreso Sectorial de Vacún de Carne do SLG.

**4.3.** O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional de Vacún de Carne será o seguinte:

- As comarcas constituídas poderán elixir até catro persoas para a Dirección Sectorial, sendo esta elección paritaria en canto ao número de homes e mulleres, quedando vacantes os postos que non se cubran segundo este criterio. Estes postos poderán ser cubertos logo da celebración do Congreso Sectorial de Vacún de Carne.

**Artigo 5. ASEMBLEAS COMARCAIS.**

**5.1.** As asembleas comarcais celebraranse entre o 4 de decembro de 2020 e o 31 de marzo de 2021, segundo o calendario fixado pola Executiva Nacional na súa reunión do 3 de decembro de 2020. Poderán asistir, con voz e con voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as cotas ao día.

**5.2.** Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas aos relatorios que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito. Pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector, aquelas que acaden, alomenos, o 30% dos votos dos/das presentes nas Asembleas Comarcais con dereito a voto.

**5.3.** As emendas que pasen para o debate no Congreso de Sector, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 3 de febreiro de 2021 á Executiva Nacional, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

**5.4.** Rematado o debate dos relatorios procederase á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

**Artigo 6. O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DE VACÚN DE CARNE.**

**6.1.** O pleno do Congreso Nacional de vacún de carne celebrarase o día 17 de abril de 2021 en Maceda dende 11:00 horas da mañá.

**6.2.** O pleno estará presidido por unha mesa que será proposta pola Dirección de Sector saínte e aprobada polo Congreso de Sector. A mesa estará formada por un presidente ou unha presidenta, que dirixirá os debates; un vicepresidente ou unha vicepresidenta; un secretario ou unha secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A mesa presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

**6.3.** Unha vez elixida a mesa presidencial do Congreso someteranse a aprobación a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos.

**6.4.** Todas as persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor de tres minutos para defender a súa emenda no pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender o relatorio oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

**6.5.** A emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a mesa presidencial por maioría.

**6.6.** Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

**6.7.** Cando remate o debate de todas as emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade do relatorio. Para ser aprobado, requirirá maioría cualificada da metade + 1 das asistentes co dereito a voto.

**6.8.** Ao rematar o debate, a Dirección de Sector electa procederá á elección, de entre os/as seus/súas integrantes, de dúas persoas (unha muller e un home) que representarán o sector na a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego que, á súa vez, exercerán de Responsábel e Viceresponsábel do Sector de Vacún de Carne do SLG.

**Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector.**

- Betanzos
- Ferrol Terra
- Compostela
- Arzúa
- A Mariña
- Vilalba
- Meira
- Lugo-Centro
- Ancares-Courel
- Sarria
- A Fonsagrada
- Chantada-Monforte
- Deza
- Tabeirós
- Pontevedra Centro
- Pontevedra Sur
- Trives-Caldelas
- Xinzo
- Ordes
- Teixeiro



# RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DE VACÚN DE CARNE DO SLG-CCLL

O sector de vacún de carne é o sector gandeiro con máis historia e máis arraigo na gandería tradicional de Galiza. Tamén é o que conta con maior número de granxas (en xaneiro de 2020, 22.962 especializadas só en vacún de carne, o 27,5% do Estado) e vertebra economicamente as zonas do país máis castigadas pola economía capitalista, como a alta montaña de Lugo e Ourense.

Paralelamente, dáse a circunstancia de que as granxas de vacún de carne son as que están deseñadas e dimensionadas máis de acordo coa nosa realidade económica e medioambiental, son máis sostibles, teñen unha tamaño máis humano, e son moi axeitadas para o modelo agrario que o SLG persegue. O vacún de carne é, polo tanto, un sector estratéxico para esta organización, e con esa premisa deberemos deseñar o noso traballo para o medio prazo.

Tamén hai que dicir que, ademais, estas granxas son as máis diversificadas, xa que un número importante delas compatibilizan esta actividade con outras, que moitas veces non son nin agrarias, pero que axudan a que moitas familias sigan vivindo do seu e no seu entorno facendo posible que moitas zonas sigan aínda habitadas, con vida e con futuro.

Aparte do dito, este sector ten un grave problema de futuro: a avanzada idade das persoas titulares das granxas que, de non ter relevo xeracional, quedarían moi reducidas nun curto prazo de tempo. Este relevo xeracional faise moi complicado debido, fundamentalmente, ás dificultades e deficiencias que supón vivir actualmente nalgunhas áreas rurais, onde a baixísima rendibilidade das propias granxas se xunta co desamparo que sofren estas zonas por parte das administracións públicas, que non incentivan servizos de primeira necesidade e públicos como sanidade, educación, infraestruturas, ocio, etc.

## 1. SITUACIÓN

Este sector tamén está en período de redución. Nos últimos tempos foi a menos o número de granxas, a pesares de que tivo incorporacións dalgunhas granxas que veñen doutros sectores gandeiros, fundamentalmente do vacún de leite que, polas duras condicións que tamén atravesa este sector, cambiaron de actividade. Aínda así, o numero de granxas foi indo a menos.

As granxas seguen a ser, na súa maior parte, de vacas nutrices, familiares, e dimensionadas en consonancia coa capacidade da granxa segundo a base territorial e a man de obra dispoñibles; é dicir, moi equilibradas e sostibles.

En canto á problemática interna deste sector, tampouco varía moito con respecto á situación global da gandería, vindo marcada polos baixos prezos, a suba constante dos insumos -feitos que fan esta actividade moitas veces ruinosa-, e a política agraria que castiga cada vez máis as pequenas granxas, fundamentalmente cos seus deseños de axudas, que non paran de reducirse, minguando na mesma proporción a capacidade de subsistencia das granxas.

## 2. OS MERCADOS

A actual crise da Covid 19 non veu máis que a confirmar que as persoas produtoras son o elo máis feble da cadea alimentaria, non tendo capacidade ningunha para negociar o prezo polo seu produto, nin capacidade real para escapar das canles tradicionais de comercialización.

As políticas de mercado seguidas pola UE nos últimos lustros provocaron que, nós últimos vinte anos, os prezos da carne de vacún non parasen de baixar en comparación co custo da vida. Mesmo se percibiu, nos últimos tempos, unha tendencia á baixa máis acusada. A crise da Covid 19 provocou unha baixada en todos os tipos de carne que tradicionalmente comercializaban as explotacións gandeiras. Foron baixadas de até 70 céntimos por quilo en Tenreira Suprema ou de case o 50% nas vacas de desvelle, o que fai inviable moitas granxas a curto e a medio prazo, e forza a explorar novas canles de comercialización que non nós fagan tan vulnerables a futuras crises económicas ou sociais.

Nestes últimos catro anos vimos como a Unión Europea segue na mesma tendencia liberal dos últimos lustros. Así, durante o último período asináronse varios tratados de libre comercio que afondaron cada vez máis na crise que atravesa o sector do vacún de carne dende hai décadas. Tratados de libre comercio como o UE con Mercosur que pon en grave risco a supervivencia das granxas do sector do vacún de carne en Galiza. O novo tratado con Mercosur foi descrito como un acordo no que Europa venderá máis vehículos e queixos a América Latina e, pola súa banda, América Latina venderá á UE máis carne de bovino e etanol, principalmente. Este acordo de libre comercio vai ter un efecto moi negativo na economía e supervivencia das granxas galegas. Debemos ter en conta a hipocrisía da UE que, por unha banda, trata de amosarnos a súa grande preocupación polo cambio climático, impoñéndolles á agricultura e á gandería comunitarias restricións para a emisión de gases de efecto invernadoiro; e, por outra banda, o asina un tratado con América Latina que, só no transporte de mercadorías a unha beira e outra do Atlántico, suporá un aumento do 34% dos gases de efecto invernadoiro. Dese 34%, o 82% corresponderá ao transporte de máis de 299.000 toneladas anuais de carne bovina, segundo un estudio de GRAIN feito no 2019, que se poderían producir aquí. A maiores, debemos ter en conta o efecto negativo que van ter estas exportacións no mercado e no prezo que percibimos polo noso produto, xusto nun período onde o consumo de carne de bovino está a minguar.

Para este sector é necesario e unha loita estratéxica para que os prezos non se reduzan. Conseguilo parece cada vez máis complicado polas razóns antes expostas, e porque a carne de vacún é un alimento caro e as familias van perdendo, progresivamente, poder adquisitivo, situación acentuada pola actual crise económica derivada da Covid 19, crise económica que, posiblemente, traia nun futuro próximo un reaxuste do capital do cal saíran prexudicadas, unha vez máis, as clases obreiras e populares.

Tamén sabemos que a supervivencia das granxas non só depende da comercialización da produción, como sería desexable. Esta chega a duras penas para pagar os custos de produción. Os salarios das persoas traballadoras das granxas teñen que vir das axudas e estas, cada volta que lles dan, tamén se van reducindo, colaborando así a esganar aínda máis as doídas economías das granxas e ao decrecemento da renda que veñen sendo denominador común dos últimos anos.

## 3. AXUDAS

Co desmantelamento dos prezos nos mercados que ten provocado a economía neoliberal e de libre comercio, as axudas convértense nunha parte fundamental da economía das granxas. No período da PAC 2015-2020, analizábamos no anterior congreso

que son tres as axudas que inflúen máis directamente na economía anual de todas as granxas: os pagos directos da PAC, as axudas agroambientais e as dirixidas a zonas con limitacións naturais. Actualmente, encóntrase en negociación a nova Política Agraria Común (PAC). En teoría, debería comezar no ano 2021, pero as negociacións están a ser tan longas e complicadas que non vai ser posible aplicala até o ano 2023.

**Que vai pasar entón con estas axudas até o ano 2023? Como se perfila a nova PAC?** Estas son as dúas cuestións que se deben abordar para marcar os eixes de traballo e ideolóxicos dos próximos catro anos.

Para os anos 2021 e 2022, aprobouse en novembro un período de transición, co cal imos seguir coa mesma PAC pero con algúns cambios significativos:

- O **orzamento** que se vai empregar para este período de transición vai ser o da nova PAC 2020-2027.
- Os **pagos directos do primeiro piar** (pago básico, pago verde, pago á mocidade e axudas acopladas) van seguir igual cos dereitos que temos asignados até este momento, pero con cambios no seu valor (converxencia), segundo o proxecto de real decreto polo que se establecen as condicións específicas da PAC nos anos 2021 e 2022. O borrador do real decreto pretende equiparar o valor de todos os dereitos co valor medio das rexións, de tal forma que aqueles dereitos que teñan un valor inferior subirán até acadar o valor medio da rexión, de forma progresiva e como máximo nun 25% en 2021 e outro 25% en 2022, sen que, en ningún caso, estes dereitos poidan quedar por debaixo do 70% do valor medio dos dereitos da rexión en cuestión (703, 1201…). En canto á baixada para aqueles dereitos que teñan un valor superior á media da rexión, o real decreto non contempla ningún mecanismo para a súa baixada, pero prevese que a redución sexa tanta como diferencia haxa entre o valor actual do dereito e o valor medio da rexión.
- As **axudas de desenvolvemento rural** (2º piar) tamén se van prorrogar. Estas axudas son de grande importancia para o sector do vacún de carne xa que nelas se integran, entre outras, as axudas ao pastoreo extensivo (agroambientais). Aquí caben dúas posibilidades, e dependen directamente da Consellería de Medio Rural: Por unha banda, poden prorrogar de novo as agroambientais, como fixeron no 2020; ou, por outra banda, poden facer unha convocatoria nova.

A partir de 2023, entramos de cheo na nova PAC, pero é agora cando se está decidindo todo, tanto na Unión Europea, coma no Estado, como en Galiza. Polo tanto, o que se decida nos vindeiros meses vai marcar o sector primario galego desta década e despois vai ser difícil cambiar algo. Na Galiza, unha cuestión tan importante como a reforma da Política Agrícola Común non está no debate político. Dende o Sindicato Labrego Galego, fixemos xuntanzas cos tres grupos políticos presentes no Parlamento de Galiza con dous obxectivos: traer ao debate político galego este tema tan importante e presentarlles a proposta de PAC do SLG. Tamén se presentaron as nosas propostas no Consello Agrario Galego e no Ministerio de Agricultura a través da COAG.

O fondo da nova PAC non cambia respecto á anterior, aínda que si pode cambiar a cantidade total do que percibamos. Cambiar a PAC de verdade non lles interesa, porque non lles interesa debater e regular cuestións tan importantes coma os prezos, os custes de produción, a renda, a negociación colectiva, a desaparición da agricultura e da gandería familiar, etc. Podemos falar de que a nova PAC, máis que unha reforma, é un gran cambio: Todo vai seguir máis ou menos igual, menos o que cada unha e un de nós cobrará e o que teremos que facer para percibila.

**Os cambios máis importantes** parece ser que van ir encamiñados a:

- O primeiro cambio vaise producir no propio **Plan Estratéxico Estatal** que elabora o Ministerio de Agricultura, tendo que ir incorporado o Plan de Desenvolvemento Rural que antes elaboraban as comunidades autónomas e enviaban a Comisión Europea.
- Neste novo período imos falar de **persoa agricultora XENUÍNA e XENUÍNA PLUS**. Parece que o Ministerio de Agricultura quere considerar como persoa agricultora XENUÍNA a que teña uns ingresos agrarios sobre o total entre un 20% e un 30%; e a persoa agricultora XENUÍNA PLUS a que teña máis dun 50% dos seus ingresos procedentes da actividade agraria. Esta última, a xenuína plus, sería destinataria exclusiva dalgunhas axudas. Este é un debate importante porque moitas das solicitantes de PAC actuais quedarían fóra, aínda que entrarían no réxime de pequenas perceptoras. Resulta especialmente preocupante para moitas granxas do sector do vacún de carne. Feita esta definición, saberemos se grandes empresas ou persoas sen actividade van seguir cobrando ou non, o mesmo coas persoas xubiladas ou que teñen outra actividade profesional.
- Outro tema importante que está a xerar moito debate é o **tope máximo das axudas** que se poden cobrar. Empezouse o debate con 60.000 € como tope máximo para a axuda básica a renda, descontando salarios; pero xa se está a falar de deixalo en 100.000 € descontando salarios. Polo tanto, non existirá un límite real. Sen un tope máximo axeitado é imposible chegar a un reparto máis xusto.
- **O sistema de pago vai seguir sendo por hectáreas.** Non se conseguiu avanzar nada noutras propostas de pago ás persoas e en función a súa renda. A nova Axuda Básica á Renda substituirá ao que agora é o pago básico e antes fora o pago único. Nestes momentos, e até 2023, págase en función duns dereitos de pago asignados, pero está no debate se se manteñen, se mudan por outros dereitos, ou se desaparecen e se paga en función das hectáreas que se declaren cada ano. De como quede isto depende unha parte importante do que actualmente cobran as granxas de carne de vacún.
- **O pago verde desaparece.** Para iso, introducen un novo concepto, os **eco-esquemas**, que pouco teñen que ver co que até o de agora coñecemos como pago verde. Isto implica un cambio nas porcentaxes que se lle asignan a cada pago no sobre do primeiro piar. Actualmente, o 56% dos fondos deste piar son destinados ás axudas do pago básico, un 30% ao pago verde, un 12% ás axudas asociadas, e un 2% ao pago á mocidade. O novo reparto semella que vai destinar á nova Axuda Básica á Renda até un 65%, deixando entre un 20% e un 30% para os eco esquemas; falta por ver canto se destina ás axudas asociadas e ao pago á mocidade. Estes eco-esquemas van ser voluntarios para as gandeiras e de obrigada imposición para os estados membros e teñen máis obrigas que o actual pago verde, non podendo ser iguais aos compromisos das axudas agroambientais que deseñen as comunidades autónomas. Entre os eco-esquemas presentados, resulta de vital importancia resaltar para o sector de vacún de carne o eco-esquema leva por título Pastoreo Extensivo, moi similar ás axudas agro-ambientais que perciben actualmente moitas granxas do sector. Isto podería implicar que estas granxas perdesen a axuda agroambiental. Por último, resaltar que nestes momentos o debate sobre os eco-esquemas

é se van ser abertos, para que entren moitos e moitas, ou van a ser restritivos e vai quedar fóra moita xente.

■ A condicionalidade segue sendo obrigatoria e convértese na **condicionalidade reforzada**. Ás boas prácticas agrícolas e medioambientais que hai que cumprir neste momento, engádense as que haberá que cumprir para ter dereito ás axudas vinculadas aos eco-esquemas.

■ A **axuda redistributiva**, e dicir, un pago maior para as primeiras hectáreas, empezou sendo obrigatoria para os estados, pero actualmente xa vai ser voluntaria. Trátase dun pago que xa existía no período actual, pero o Estado Español decidiu non aplicalo. Cunha contía importante e ben aplicada, podería ser moi importante para equilibrar as axudas.

■ En canto aos **pagos asociados**, decide o Ministerio de Agricultura que sectores van cobrar e como. Esta é até o de agora a única axuda que se cobra en función do que se produce. Esta axuda é de vital importancia para o bovino de carne que se percibe a través do pago por vaca nutriz e por cebo. Como novidade, o Ministerio de Agricultura conseguiu que a UE permita o pago destas axudas a un novo sector: a oliva de mesa, sen que se aumente a partida destinada a estas axudas, o que provocará, de seguro, que a cantidade que estamos a recibir por esta axuda diminúa.

En conclusión, podemos afirmar que a nova PAC non é unha reforma en si, senón un gran cambio que en ningún caso vai mellorar a situación das granxas de vacún de carne na Galiza. O máis que probable é que, nun futuro próximo, á baixada de prezos que percibimos polo noso produto se lle una un descenso drástico dos fondos que percibimos da PAC. Unha PAC que, lonxe de encamiñarse cara a unhas políticas máis xustas, camiña para converterse nunha PAC ao servizo do capital e totalmente allea aos problemas reais dos labregos e das labregas. Cabe recordar que en Galiza temos un pago básico medio por beneficiario/a de 2.699 €, cando no resto do Estado é de 4.011 €. Coa nova PAC semella esta desigualdade se vai a agrandar.

## 4. O NOSO TRABALLO NESTES CAMPOS

No SLG seguiremos defendendo que o prezo das nosas producións ten que ser o elemento fundamental a partir do cal se nutra a renda das granxas. Polo tanto, seguiremos opoñéndonos a todas as imposicións do mercado que signifiquen unha perda de renda, tanto tratados de libre comercio como importacións de produtos de países que resultan baratos porque proveñen da explotación de seres humanos, etc.; seguiremos defendendo uns prezos que cubran custos e paguen dignamente o traballo. Sabemos que isto non pode ser a conta de subirlle o prezo final ao consumidor, pero parécenos posible traballar en anovadoras formas de comercialización que permitan que os beneficios queden no sector.

Dentro da nosa defensa da agroecoloxía e da soberanía alimentaria, faise preciso que sigamos a traballar para buscar ferramentas que permitan aumentar as posibilidades das granxas do sector de facer venta directa e, deste xeito, non depender tanto da industria. É preciso que traballemos para que exista unha lexislación que verdadeiramente nos permita, dentro da legalidade, contemplar esta opción da venda directa, ao mesmo tempo que se procuran ferramentas que faciliten isto ás labregas e aos labregos, como pode ser traballar para acadar fondos públicos que permitan facer campañas de concienciación aos consumidores e consumidoras, a creación de matadoiros comarcais ou supracomarcais , afondar na necesidade dunha alimentación sa ou, mesmamente, facer presión para que verdadeiramente exista unha compra pública de alimentos para fornecer escolas, hospitais, residencias de maiores, etc.

Por outra parte, e no camiño de abaratar custos, é imprescindible que as granxas poidan ter acceso a base territorial suficiente. Iso significa mudar a política de forestación de terras agrarias que está enchendo de eucaliptos as terras que tiñan que estar ao dispor das granxas e recuperar ferramentas de mobilidade de terras que foron desmanteladas, coma o Banco de Terras. Non podemos permitir que a terra que tiña que estar en produción agraria pase a ser base territorial de ENCE.

Tampouco podemos deixar de lado o debate que actualmente existe sobre o cambio climático. Dende a UE e outros estamentos levan anos lexislando nestas cuestións. Formalmente, fano baixo a escusa da preservación do medio ambiente, recursos naturais, etcétera, pero somos conscientes que se fai dende unha perspectiva de que grandes empresas sigan a manter as súas taxas de ganancia. É o chamado “capitalismo verde” que, baixo unha faciana de preocupación polo medio ambiente, atrae para si amplos sectores da sociedade contestatarios coas políticas actuais co único obxectivo de manter o “status quo”. Levamos tempo vendo como desde estes estamentos se quere lexislar para o control das emisións no sector primario, lexislación que, en ningún caso, ten en conta as particularidade e beneficios que o modelo de pastoreo extensivo, que practican a maior parte das granxas do sector, ten para a conservación do medio ambiente. Tampouco se ten en conta o beneficioso efecto destas granxas para mitigar o cambio climático. Faise necesario facer ver á sociedade esta realidade, xa que se está a vender de xeito interesado que toda a agricultura e gandería son contaminantes, cando a realidade é que o único que é contaminante é o modelo intensivo e especulativo que, precisamente, é unha creación e bandeira dos mesmos que agora lexislan neste sentido.

Tampouco é tema menor, aínda que si moi manido, o do roubo nas pesadas na maioría dos matadoiros. Tras moitos anos de denuncias, entrevistas e xestións, non demos conseguido que as balanzas dos matadoiros estean revisadas, homologadas e precintadas, o que supón moitas veces perdas considerables na venta dos becerros.

Polo tanto, poñémonos como eixes de traballo para os vindeiros anos:

■ A loita pola **regulación de prezos** e mantemento dos mesmos por riba dos custos de produción, darlle continuidade á procura de sistemas de comercialización directa con prezos diferenciados para as granxas tradicionais cun maior valor engadido para o noso produto e eliminando intermediarios na cadea intermediaria.

■ **Redución de custos** centrada no aumento e mellora da xestión da base territorial, permitindo o acceso á terra das granxas de vacún de carne que, en case todos os casos, basean o seu manexo no pastoreo, buscando maneiras para impedir que se siga a perder superficie agraria útil (SAU). Actualmente, temos a SAU máis baixa do Estado Español, con só un 21% do noso territorio. Para iso, cómpre poñer en valor ferramentas útiles para as granxas como o Banco de Terras, que foi marxinado pola administración actual.

■ Seguir loitando pola **mellora da transparencia dos mercados** e polo establecemento de **canles de negociación** reais para os produtores e as produtoras.

A pesar do dito, é fundamental manter o nivel de axudas, xa que estas viñeron para compensar as perdas que ocasionaba o funcionamento dos mercados e, polo tanto, perténcennos. Polo tanto, seguiremos defendendo que veñan axudas para granxas que estean activas e en produción, e non para financiar terratenentes e industrias.

Neste marco, e dentro das actuais negociacións pola **nova PAC 2020-2027**, debemos loitar e xerar estratexias para acadar políticas ao servizo das persoas e do territorio e non ao servizo do capital e do agronegocio, sendo importante para as granxas de vacún de carne:

- Que a PAC fale de **prezos xustos** que cubran custes de produción e a remuneración do traballo. Esta reivindicación é agora máis importante que nunca para o sector, ao ser un dos máis afectados pola crise da Covid 19. Isto, unido á indefensión á hora de negociar e comercializar fixo que se tiveran que aceptar vendas moi á baixa, en moitos casos pola presión da industria.
- Dotar de contidos o regulamento da **Organización Común de Mercados** e dotalo das ferramentas necesarias para poder exercer un control público deses mercados e das producións.
- **Eliminar os pagos por hectárea**, e as axudas acopladas, desacopladas , por animal, dereitos históricos, etc., e avanzar cara a un sistema de pago baseado nunha compensación á renda para as persoas en función duns determinados parámetros.
- Establecemento de **topes reais por persoa nas axudas**. Os topes actuais non son reais e os que se propoñen tampouco. A PAC debe ir orientada para apoiar a quen de verdade produce.
- Unha **verdadeira simplificación da PAC**. A actual "reforma" invita a pensar que vai ser todo o contrario. Dende o sector debe avaliarse cales poden ser as consecuencias negativas que trae a introdución dos eco-esquemas e a posible perda das axudas agroambientais; ademais, hai que diferenciar na PAC a produción ecolóxica e en réxime extensivo que moitas granxas do sector teñen.

## 5. TERNERA GALEGA (IXP CARNES VACÚN DE GALICIA) E PRODUCIÓN ECOLÓXICA

Parécenos importante, dado que as producións das nosas granxas son de alta calidade, defender estas marcas que permitan diferenciar os nosos produtos da produción industrial nos mercados, e que nos permitan cobrar por elas prezos superiores ás producións convencionais.

Durante este último período, Tenreira Galega sufriu cambios importantes como o seu ingreso dentro da IXP CARNES VACÚN DE GALICIA, onde conviven a propia IXP Tenreira Galega coa de nova creación IXP Vaca e boi de Galicia; o cambio da idade para o sacrificio dos animais, subindo dos 10 meses aos 12 coa categoría de Tenreira Normal; ou a modificación temporal das condicións para autorizar a conxelación até o 31 de decembro, no marco da crise que atravesa o sector pola Covid 19. Aínda non sendo perfecta, Tenreira Galega significou e significa unha importante vía de comercialización para a nosa carne e sirve para manter uns prezos por enriba da media, aínda que moitas veces non o pareza. Porén, faise necesario, a través do noso representante no consello regulador, seguir a traballar para mellorar a diferenciación dos prezos que percibimos e para cubrir as nosas expectativas respecto a reforzar unha clara diferenciación entre a carne de cebo tradicional e a de cebo industrial, xa que esta última segue a beneficiarse dun prestixio que só ten a Suprema. Ademais, temos que estar moi ao tanto dos debates que se están a dar dentro da IXP Tenreira Galega e que supoñen un pulso constante entre a industria e as produtoras en cuestións como o reparto das taxas entre a produción e a propia industria, importantes para non perder ingresos as persoas produtoras e tamén para manter a viabilidade da propia estrutura. Por último, é necesario traballar e trasladar unha postura a través do noso representante no consello regulador sobre as certificacións en benestar animal e medioambientais que, a curto prazo, serán de carácter obrigatorio e, en ningún caso, deberían supor un prexuízo económico para as granxas de vacún de carne.

Neste novo período tamén temos que seguir a traballar e reflexionar en novos xeitos de comercialización para a carne ecolóxica. Agora mesmo, o número de granxas que están a producir carne ecolóxica veuse incrementado. Pero, unha vez que as granxas asumiron este xeito de produción, faise necesario abrir canles para esta comercialización de calidade, xa que no caso contrario estarán vendendo carne de cría ecolóxica a prezo convencional, coa conseguinte perda económica.

A modo de resume: estas marcas de calidade diferenciada parécenos que son unha ferramenta importante para mellorar a comercialización, diferenciar no mercado as producións das nosas granxas e manter mellores prezos, polo que seguiremos traballando no seu desenvolvemento, a pesares do baixo prestixio que poidan ter no sector.

## 6. PROXECTO DE REAL DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN NORMAS PARA A NUTRICIÓN SOSTIBLE DO SOLO AGRARIO

No pasado mes de setembro tivemos coñecemento do contido do borrador que o Ministerio de Agricultura preparaba para a xestión de nutrientes con respecto ao chan agrario, a pesares de que o conxunto do SLG presentou alegacións a dito borrador e que se comezou unha campaña para poñer en coñecemento de todos os sectores as consecuencias que isto podería traer as granxas gandeiras e agrícolas dende o sector do vacún de carne, debemos estar os próximos tempos pendentes de ver a evolución do mesmo, e ver como afectaría o conxunto de granxas do sector.

Observamos con preocupación como en todo o Real Decreto non se fai ningunha mención, nin diferenciación entre o que é unha granxa extensiva sostible, co medio ambiente e granxas intensivas, parece no borrador se nós equipara a todas por igual e que teremos as mesmas obrigas que outros modelos de xestión agraria. Unha vez máis non se teñen en conta as particularidades específicas das granxas do sector de vacún de carne de Galiza, nin o seu tamaño, nin as particularidades orográficas nin o modelo de xestión baseado no pastoreo que practican a maioría de granxas do sector. Por último pero non por iso menos importante, preocúpanos a repercusión negativa que a aplicación de este Real Decreto pode ter a nivel económico nas granxas dun sector, que leva anos sumido nunha profunda crise de prezos e onde o tamaño medio das granxas, o cal ronda as 20 vacas nutrices, faría inviable en moitos casos adaptarse a nova normativa e obrigaría o peche a moitas das máis de 19.000 granxas que conforman o sector.

## 7. OUTROS ASPECTOS IMPORTANTES

Pero non só son importantes as circunstancias das granxas para garantir o seu futuro, senón que hai outros elementos non directamente relacionados co aspecto agrario que son fundamentais para que as persoas sigan vivindo nos seus lugares e mantendo a súa actividade. Neste momento, hai dúas variables que están significando serios problemas para as persoas que viven no medio

rural e afectando a viabilidade das granxas:

**7.1. Fauna Salvaxe.**

A proliferación de especies de fauna salvaxe, principalmente o xabarín e o lobo, están resultando un serio problema tanto para actividade agraria en si como para a vida das persoas.

Para mudar esta circunstancia, será imprescindible o control destas especies salvaxes, xa que actualmente proliferan dunha maneira totalmente descontrolada. As súas poboacións son totalmente inasumibles, agás que se pretenda converter o medio rural nun territorio de caza.

Durante os próximos anos deberemos seguir adiante con campañas que permitan facer visibles as nosas demandas en relación á xestión da fauna salvaxe, da man do resto dos sectores do SLG afectados, de cara a poder acadar nun futuro un equilibrio ecolóxico que permita a supervivencia das granxas e a convivencia coa fauna salvaxe. Neste senso, seguen a ser obxectivos a acadar os seguintes:

- Instar á Consellaría de Medio Ambiente a elaborar e **actualizar de xeito urxente un censo** que permita determinar aquelas zonas onde poidan existir superpoboacións de determinadas especies de fauna salvaxe que rompan o equilibrio ecolóxico e, en base aos seus datos, se poidan tomar decisións para o control e xestión da fauna salvaxe.
- Asunción da **responsabilidade civil da administración pública sobre o 100% dos danos** que causan as especies salvaxes.
- **Financiamento do 100% das medidas de protección** para os ataques da fauna salvaxe e o aumento da partida orzamentaria para tal fin.
- **Programa de sanidade animal** eficaz e suficientemente dotado de medios para o tratamento das enfermidades da fauna salvaxe e para evitar a súa propagación á cabana doméstica.
- **Eliminación das zonas abandonadas próximas a cultivos** que poidan ser refuxio para a fauna salvaxe e reposición da legalidade en caso de forestacións ilegais de terras agrarias.
- Programa de **alimentación da fauna salvaxe** (deposición de animais mortos en determinadas zonas…).

**7.2. Servizos públicos.**

É posible que os servizos públicos resulten máis custosos no rural, ao vivir menos xente ou máis dispersa, pero será imprescindible que manteñan un nivel aceptable se non queremos acentuar o despoboamento. En concreto:

- **Escolas e garderías, bibliotecas ou actividades para xente nova, cada vez máis lonxe dos pobos:** É certo que hai menos rapazada, pero é porque as familias novas cada vez escapan máis de vivir no rural precisamente por este déficit de servizos.
- **Sanidade:** Os centros de saúde están cada vez máis lonxe e moitas persoas que non dispoñan de vehículo fican incomunicadas, obrigándoas a uns gastos que moitas veces non poden afrontar.
- **Coidado de persoas maiores:** Cada vez hai menos xente nas casas e, en moitos casos, as persoas maiores están desatendidas por falta de capacidade das familias. Isto agrávase porque non dispoñen de servizos alternativos para dar cobertura a esta necesidade.

Ademais, hai outros servizos que no rural son moi deficitarios e que hoxe son imprescindibles. Por exemplo, existe mala cobertura telefónica en moitas zonas e, sobre todo, unha moi deficiente cobertura de internet, xusto cando desde a administración pública se está a esixir cada vez máis realizar xestións a través deste servizo (altas e baixas de animais, seguimento de expedientes, notificacións, etc…).

Dende o SLG, defenderemos e reivindicaremos solucións tamén para todos estes aspectos sociais que non teñen que ver directamente coa produción agraria, pero si coa vida dos labregos e das labregas.

Galiza, 06 de febreiro de 2021



2021

# X CONGRESO
## do Sindicato Labrego Galego

FOUCE
333
Marzo-Abril 2021




